

# Nacionalismo e Anarquismo



Materiais  
para  
o  
dialogo



## **Introducción**



comunismo? Os que nos dicen que o comunismo é o futuro do socialismo están no todo errado, porque o comunismo é o resultado de unha etapa de desenvolvemento da civilización que non se corresponde coa etapa actual, en que os estilos de vida e os sistemas de produción están cambiando radicalmente. Aínda así, non se nega que o comunismo é o resultado final da evolución do socialismo.

Nas seguintes páxinas apresentamos unha serie de textos sobre o nacionalismo desde unha perspectiva anarquista. Desde logo que non representan a postura mantida tradicionalmente polos anarquistas, mais sí pensamos que amosan unha visión meditada do candente problema do nacionalismo que resulta coerente cos liñamentos fundamentais do pensamento anarquista.

Cal é a nosa intención o publicalo? Achegar ao público unha interpretación desconocida, ainda que non nova, do fenómeno "nacional". Pensamos que estes textos representan unha visión revolucionaria que rexeita os aspectos más dereitizantes do nacionalismo, como ideoloxía da burguesía autóctona fronte a burguesía foránea, e recolle os valores libertarios da comunidade natural enfrentada ao enxendo artificial que é o Estado. Como outros textos semellantes, esta compilación vai dirixida tanto aos nacionalistas como aos anarquistas: é un toque de atención para os nacionalistas que enchen as fileiras de partidos que na sua estructura mesma adoitan formas de organización centralista, asoballadora da liberdade e a diversidade, e decindo-se socialistas tentan chegar a pactos cos partidos representantes das pequenas burguesías nacionais, en total contradición cos seus pretendidos obxectivos; tamén queremos chamar a atención dos anarquistas que por unha visión pretendidamente internacionalista incapacítan-se para comprender os valores de solidariedade e apoio mutuo que caracterizan a comunidade fronte ao Estado e os seus valores centralistas, xerárquicos e totalitarios.

Bakunin e o galego Ricardo Mella introducen-nos ao tema desde dous puntos de vista diferentes e complementarios á vez; a necesidade de cada home ou grupo de homes de vivir, sentir, crear e actuar ao seu xeito é para

Bakunin un direito innegabel, e para Mella é ademais un camiño de libertación frente ao centralismo. A Libertade é o medio e o fin (inseparabeis) da nosa luta, que se confronta ao centralismo e á sua concreción práctica, o Estado. Non se pode luitar pola libertade dun povo senón é polo camiño da autonomía de cada un dos seus membros; moitas veces este individualismo anarquista foi identificado co egoísmo e polo tanto relacionado cos valores burgueses e capitalistas; nós sempre dixemos (ainda que non se nos quixera escutar) que o noso individualismo estaba baseado na solidariedade e no apoio mutuo, que rexeitaba do mesmo xeito un réxime de individuos livres pero incapaces de artellar relacións de solidariedade, como un réxime no que houbera unha igualdade baseada na perda da identidade e capacidade de decisión dos homes. Neste mesmo senso entendemos que o nacionalismo é revolucionario cando reivindica os sinais de identidade propios de cada comunidade, negando-se a aceptar a imposición de valores que lle son estranos e cos que non se identifica.

O nacionalismo é un feito natural, histórico e local, que en moitas ocasións é distorsionado e utilizado para a defensa dos intereses de minorías explotadoras. Moitos anarquistas identifican o nacionalismo con esta degeneración e chegan á conclusión de que as lutas de libertación nacional rematarán sempre na creación de novos estados; non se dan conta de que do mesmo xeito as lutas obreras foron utilizadas para chegar ao poder polos partidos políticos sen que por iso os anarquistas deixaran de participar nelas dando-lle un contido revolucionario e libertario. Non vemos que haxa ningún problema en que os anarquistas podan participar nas lutas de libertación nacional coa súa propia identidade e sen necesidade de adherir as prácticas autoritarias e centralistas doutras forzas que participan na mesma luta.

A solución federalista que propugnamos os libertarios é esencialmente xusta, mais a sua concreción práctica non foi nunca completa, xa que case sempre foi posta en función da organización sindical (nunha visión case marxista do mundo) e non da existencia de comunidades naturais más amplas. En Galicia e na II República, por exemplo, a pesares da súa forza, a Confederación Rexional Galaica da C.N.T. non se plantexou a existencia

dunha problemática singular de Galicia (o idioma, o minifundismo, etc) senón que adoutou as liñas de actuación da organización a nivel estatal, que por certo estaban case sempre marcadas pola organización catalana, que era a más forte con diferencia da C.N.T.

O resto dos textos que apresentamos van referidos xa a certas luitas concretas, como a de Sicilia ou a de Euskalherria; moitas das situacions que describen poderían referirse tamén a Galicia, cun forte movemento nacionalista, que mesmo chegou á utilización da luta armada. O nacionalismo galego como movemento ten a sua orixe no século pasado, como froito da preocupación de certos intelectuais polos problemas específicos de Galicia; de seguido estas ideas tiveron unha concreción política, mais a sua forza foi sempre minoritaria e o povo non respondeu á sua chamada. O nacionalismo da II República foi un nacionalismo burgués, preocupado por Galicia como entidade abstracta, pero cunha concreción práctica que distaba moito dos anceiros libertadores que dicían ter, cun carácter case anti-proletario e mesmo algúns cacique nas suas fileiras, como ben denunciaron os anarquistas galegos. O nacionalismo que renasceu nos anos setenta estaba más perto do povo, curtido por loitas obreras no franquismo e como o resto da esquerda da época, nunha postura case revolucionaria da que sairon os primeiros focos de luta armada. Pasada a maruxía, a fraseoloxia revolucionaria deu paso á moderación (excepto nalgúns grupos certamente minoritarios) e á participación de cheo no recén formado "Estado de las autonomías", mergulléndo-se nun parlamentarismo estérilizadora que levou a unha maior representación no parlamento dun movemento popular cada vez menor. Parece polo tanto que certos galeguistas son partidarios de formas estatistas e xerárquicas de relación por riba de outras de tipo comunitario que serían muito mais coerentes coa sua ideoloxia proclamada; para nós, a revolución libertadora ven do profundizamento nas formas comunitarias existentes e de todo tipo de relacions non controladas polo Estado e o capital, que realmente potencian a identidade dun povo e fan que se poda falar del como unha unidade (moito mais que un pasado glorioso ou unha fronteira política).

Como conclusión podemos dicir que para nós a luta pola libertade

pode desenvolverse dende o posto de traballo, dende o povo, a comarca, a nación, a comunidade de falantes, pero esto son sempre camiños e, como di Bakunin, non poden ser principios absolutos; o nacionalismo ou o sindicalismo non poden ser a panacea que resolva todos nosos problemas.

O noso desexo é abrir un debate que hoxe ten unha gran actualidade, a posibilidade de que os movementos nacionalistas sexan revolucionarios ou non. A nosa opinión é que só incorporando ao discurso nacionalista (como expresión da luta dunha comunidade pola sua identidade) un contido libertario, descentralizador e autoxestionario, pode supoñer unha transformación realmente revolucionaria; do caso contrario temos abundantes exemplos, que non desexamos seguir. Gostaría-nos contar noutro texto con opinións diverxentes da nosa e ampliar o diálogo cara a unha maior clarificación das posturas, sen esquencer que o mais importante é levar estas ideas á práctica ou polo menos traballar por elas dentro das nosas posibilidades. O noso enderezo é:

Treboada  
Apartado 259  
15080 Compostela (A Coruña)

Mijail A. Bakunin

## A Nacionalidade

**Mijail A. Bakunin** foi unha das figuras máis destacadas do anarquismo no século XIX. Nascido o ano 1814, nunha familia da nobreza rusa, foi alumno da Escola Militar e oficial do exército ruso. En 1849 viaxa a Alemania para proseguir os seus estudos, escomenzando a sua actividade revolucionaria; en 1846 fai-se anarquista e desenrola unha frenética actividade en prol da libertación dos povos eslavos; En 1849 toma parte na insurrección de Praga e na revolución de Dresde, sendo detido, condeado a morte, expulsado a Austria, posteriormente entregado a Rusia e encerrado na fortaleza Pedro e Pablo de San Petersburgo en 1851. En 1861 escapa a San Francisco e logo se instala en Londres. En 1868 funda a Alianza Internacional da Democracia Socialista, que se integra na Internacional, disolvéndose (en teorfa, porque na práctica siguiu existindo). En 1872 Bakunin é expulsado da Internacional a instancias do Consello Xeral con Marx ao fronte. En 1874 toma parte na revolución de Pratti di Carrara e en 1876 morre en Berna aos 62 anos de idade. A sua obra está espallada en moitos artigos e pode-se atopar unha edición das suas obras completas en seis volumes a cargo das Ediciones de La Piqueta.

**A Nacionalidade** está composto de citas do libro "El Sistema del Anarquismo", Editorial Proyección, Buenos Aires, 1973, textos de Bakunin escollidos por G.P. Maximoff, Pax. 123.

maneiro é que unha idea abstracción obxectiva non é senón unha ideia abstracta e desabiliñada en esencia e artificialmente separada da realidade e vivida obxectivamente. Isto é que se o comunismo é vivo é porque é vivido.

O Estado non é a patria; é a abstracción, a ficción metafísica, mística e xurídica da patria. As masas populares de todos os países aman profundamente a sua patria, pero ese é un amor natural, real. O patriotismo do povo non é unha idea, é un feito. O patriotismo político, o amor ao Estado, non é a expresión fiel deste feito: é unha expresión distorsionada por medio dunha abstracción falsa e simple que beneficia a unha minoría explotadora.

A patria e o nacionalismo son, como a individualidade, feitos naturais e sociais, fisiológicos e ao mesmo tempo históricos; nengún deles é un principio. Só pode recibir o nome de principio humano aquello que é universal e común a todos os homes, e a nacionalidade separao; non é, polo tanto un principio. Si é un principio o respeto que todos temos que ter polos feitos naturais, reais e sociais. A nacionalidade como a individualidade é un destes feitos. Debemos pois respetala. Violala é un delito, e cada volta que se atope ameazada e violada, digámolo no lenguaxe de Mazzini (1), converte-se nun principio sagrado. Así é, sinceiramente, que sintome patriota de todas as patrias oprimidas.

A patria representa o direito irrebatible e sagrado de todo home, de todo grupo de homes -asociacións, comunidades, rexións, nacións-, de vivir, de sentir, de crear e de actuar o seu xeito; e este sempre será o irrefutabel resultado dun longo desenrollo histórico.

Non hai cousa máis absurda e o mesmo tempo máis má para o povo que sostelo falso principio de nacionalidade como ideal de todas as suas aspiracións. A nacionalidade non é un principio humano universal; é un feito histórico, local, que como todos os feitos reais e inofensivos, teñen direito a esixir a aceptación xeral. Todo povo -por minúsculo que sexa- ten o seu

propio carácter, o seu xeito particular de vivir, de falar, de sentir, de pensar e actuar e é esa idiosincrasia a que constitue a esencia da nacionalidade, a cal deriva de toda a vida histórica e da suma total das condicións de vida dese povo.

Ensalzada por estes dous autores, a nación galega comezou a ter unha identidade propia, que se manifestou en numerosos escritos, poemas, cantigas, xornais, revistas, etc., que se publicaron en Galicia e en Portugal, así como en numerosos periódicos editados en Francia, Inglaterra, Suíza, Italia, Espanha, México, Uruguai, Brasil, Chile, Perú, Venezuela, Cuba, etc. A súa difusión foi maior en Portugal, onde se publicaron numerosos libros e artigos sobre a cultura galega.

Algunhas destas publicacións no seu tempo causaron gran polémica, e entre elas destaca a que o sup. "Peregrino" realizou contra o libro "A Vida Republicana" de Giuseppe Mazzini.<sup>11</sup> Neste libro, o autor italiano defende a ideia republicana, critica a monarquía e a nobreza, e defende a igualdade entre os homens. O libro causou gran polémica en Portugal, e o "Peregrino" realizou unha crónicas contra o autor italiano, defendendo a monarquia e a nobreza.

Na Europa, logo de 1848, surxeron novos partidos que se opunxeron ás autoridades monárquicas, substituindo a monarquía por sistemas de governo republicanos.

<sup>11</sup> (1) Giuseppe Mazzine (1805-1872). Político italiano pertencente á secta dos carbonarios que tivo unha destacada actividade conspirativa en prol das ideas republicanas.



Ricardo Mella

## Centralismo Asoballador

**Ricardo Mella** naceu en Vigo no ano 1861; formouse políticamente como republicano federal pero pasou rápidamente a defender o anarquismo. Na polémica de finais de século entre anarco-colectivistas e anarco-comunistas púxose entre os primeiros, para logo pasar a defender un anarquismo sen adxectivos. Fundador de periódicos como "La Propaganda" e "Acción Libertaria" desenrolou a sua laboura no campo teórico mais que no movemento obreiro. Morreu o ano 1925 en Vigo, case afastado do movemento libertario. As suas obras completas foron editadas na II República en dous volumes, o primeiro dos cais foi reditado na transición co título de "Ideario". Outras obras suas que se poden atopar no mercado son "Cuestiones de Enseñanza Libertaria", "La Ley del Número", "Forjando un Mundo Libre", e "Los anarquistas" (En polémica co criminalista italiano Lombroso).

**Centralismo Asoballador** é unha síntese do artigo do mesmo título, publicado orixinalmente no periódico "Acción Libertaria" de Xixón, nº 26, o 7 de xuño de 1911

A centralización tomará todos os nomes posibeis, absoluta, parlamentaria, constitucional, monárquica, republicana, socialista. Esta é a sua derradeira etapa. Polo de pronto o socialismo parapeta-se coa palabra intervención; a pouco tardar fará-se socialismo de Estado, socialismo centralista, socialismo de capitalidad.

Os mesmos partidos que protestan contra a centralización, pola centralización laboran. Eles fan as mesmas cousas que o Estado. son pequenos Estados de estructura semellante a estructura política. Toda a vida do partido vai cara a testa, xefatura, consello ou o que sexa. De enriba ven todo, ainda que pareza e debera selo contrario.

No mesmo movimiento proletario, os tentáculos do centralismo deprimen a vida dos centros subalternos... Para o centro van as cuotas, os votos, os donativos. E se algo volve, chega ben mermado!!!

Non importa que nos rebelemos contra a absorción do grupo ou do individuo.

A pesadumbre dos nosos prexuicios leva-nos á inconsciente sumisión.

A luita é dura e larga. Luiemos. É necesario que vivamos de nós mesmos, que cada un encontre en si mesmo a razón da sua vida, da sua forza, da sua acción. As ideas iluminan; os feitos emancipan... Facer-se autónomo, gobernar-se a si mesmo, de feito terá valor que as millores predicacións e propaganda. É asi como barreremos o centralismo de entre nós.



tosus 3.000.000 de habitantes, que es un tercio de su población total. Los gobiernos de la P. y del P. se oponen a la construcción de una planta hidroeléctrica en el río Paraná, que abastecería a los estados de Paraná y Mato Grosso. La construcción de la planta hidroeléctrica en el río Paraná, según el informe del Comité Económico, derrumbaría definitivamente las esperanzas de desarrollo económico de los estados que la bordean, y causaría a Brasil una pérdida estimada en 150.000 millones de dólares.

El 20 de octubre de 1964, el presidente da Costa e Silva, en su discurso de inauguración del Congreso, declaró: "Brasil es un país que no ha tenido la oportunidad de desarrollar su potencial productivo".

**Angel J. Cappelletti**

**Nacionalismo e Burguesia**

**Angel J. Cappelletti** é profesor de filosofía na Universidade de Buenos Aires. E autor de muitas obras arredor do anarquismo, das cais están editadas en castelan "La ideología anarquista", "El pensamiento de Kropotkin", "Hechos y figuras del anarquismo hispanoamericano", "Etapas del pensamiento socialista", "La teoría de la propiedad en Proudhon", "El pensamiento de Malatesta". Recentemente a Editorial Madre Tierra de Móstoles publicou en galego a sua obra "A ideoloxía anarquista".

**Nacionalismo e Burguesia** foi publicado como artigo en "Castilla Libre" nº 12, febreiro-marzo de 1978, Madrid, pax. 10.

eleccións que se realizan en cada país, ésta sucede en un contexto bien diversificado, de abrumadora diversidade, de representación parlamentarizada e de tipo sufragio universal, amoldado a cada suyo sistema político.

En África, por exemplo, o voto popular é casi anónimo, efectivo

en Portugal, é efectivo, pero no es efectivo en la mayor parte de África.

Os movementos populistas caracterizáron-se, cando menos en América Latina, por un acentuado nacionalismo, non menos que por un policlasicismo e tamén polo cesarismo ou culto ao líder carismático.

Ese nacionalismo, ten a sua xustificación no anti-imperialismo, é dicer, na oposición a un super-nacionalismo saído de nai, e, en calquer caso, nunha ideoloxía burguesa, fraudulentamente trasvasada a outras clases e, en particular, ao proletariado. O papel do líder (desde Getúlio Vargas (1) até Juan Domingo Perón (2)) consiste, neste caso, en forzar a participación dos traballadores nun proxecto que só interesa en realidade a burguesia nacional. Por medio deste carisma tráta-se de persuadir a clase operaria de que o capitalismo nacional é algo muito menos perigoso para os seus intereses que o gran capital internacional, como se o lobo perdera os dentes polo único feito de nacer dentro dunhas determinadas fronteiras. Non se debe esquecer a devota colaboración prestada nestas tarefas polos partidos comunistas de inspiración soviética.

Para botar un pouco de lus sobre o carácter burgués da ideoloxía capitalista en América Latina e no Terceiro Mundo convén, como sempre, encara-lo asunto históricamente.

Se prescindimos da existéncia dun sentimento que podería chamar-se "nacionalista" na Antigüidade, en Grecia e tamén en Israel, encontrámoo-nos co nacionalismo como ideoloxía que surxe e desenvólve-se contemporáneamente coa Edade Moderna.

O fin do medievo é testemuña do ocaso do feudalismo e da aparición dos primeiros estados nacionais, ao mesmo tempo tamén o é do advento

do absolutismo real e do auxe dunha nova clase, a burguesía, que apontala a monarquia contra os señores feudais, apontalánndo-se ao mesmo tempo na nova idea de nacionalismo.

Nesta primeira fase do nacionalismo, que colle dos séculos XIV ao XVIII, a burguesía alia-se aos reis contra dos señores feudais. A sua meta é a unidade da nación dentro das estruturas políticas do Estado centralizado, así a burguesía logra o seu encumeamento na corte real, por medio do goberno, a xudicatura, a administración, as finanzas, etcétera...

A segunda fase, vai desde o século XVIII ao XX, implica un amplio reacomodo das forzas en luta, xa non é a burguesía máis realeza contra señores feudais, senón burguesía contra realeza e señores feudais transformados agora en aristócratas cortesáns. A nacionalidade é exaltada polos burgueses contra a dinastía. Trátase de conquerila igualdade xurídica e política. Nación ou patria fanse sinónimos de Constitución. É a fase do nacionalismo liberal, do que sairá o movemento independentista de América Latina. A burguesía quer desprazar do goberno aos aristócratas e criar institucións que lle aseguren o primeiro rango na sociedade. Aquí, como na fase anterior, as clases más baixas benefician-se só indirectamente, e están caseque por completo fora da confrontación ideolóxica e da luta socio-política.

Trunfa a burguesía e chega o seu apoxeu. Namentres, por outra banda, a partires da Revolución Francesa o movemento obrero e socialista vai afirmando cada vez con claridade o seu internacionalismo. E ainda que non falten esporádicamente, algúns brotes de nacionalismo inducidos pola burguesía xacobina, como no caso Blanqui (3) ou da Comuna de Paris (4), as grandes masas marxistas e bakuninistas repudian como reaccionario, calquer intento de facer rexurdir a idea de nación porriba da idea de clase., unha vez que trunfa a revolución bolchevique en Rúsia, a nova clase burocrática que aparece cos estalinismos (este desempeña aquí o papel de burguesía) resucita o nacionalismo ruso e esfórza-se en inculca-lo nos traballadores baixo pretexto (paradóxico senón fose dialéctico) de que Rúsia é a nación do

Internacionalismo.

Namentres, nos países coloniais ou semicolonials inicia-se a terceira fase do colonialismo, o protagonista é, unha vez máis, a burguesia. Trata-se neste caso da burguesia nacional, que luta por ocupa-lo sitio da burguesia colonial ou metropolitana. Unha vez máis o nacionalismo como ideoloxía é alleo á clase obreira e, en xeral, ás clases sometidas da povoación. Mas como a colaboración das grandes masas nacionais fai-se imprescindible na luta contra as supercompañías extranxeiras e contra a burguesia imperial, surxen frecuentemente os movementos populistas, empeñados en identificaren demagóxicamente as aspiracións das clases dominantes veráculas cós intereses do povo. Nalgúns casos este populismo asume unha pelaxe ideolóxica marxista e disfráza-se, sen deixar de selo que é, de "esquerda nacional". Esto explica os caracteres larvadamente fascistas de tais esquerdistas (socialismo nacional é algo diferente de nacional-socialismo?) e as suas contradicións. Na Arxentina nalgún tempo, venerou-se nos mesmos altares a Carlos Marx e a Juan Manuel Rosas (5).

---

(1) Getulio Vargas. Político brasileiro, foi presidente do seu país muitos anos.

(2) Juan D. Perón. 1895-1974. Militar e político arxentino. O seu populismo levou-no ao poder no ano 1846

(3) Augusto Blanqui. 1805-1894. Revolucionario francés, partidario das sociedades secretas como modo de acción.

(4) Tivo lugar en 1871.

(5) Juan M. Rosas. 1793-1877. Dictador arxentino que no século XIX sembrou o terror no seu país.



Alfredo M. Bonanno

## Luta de Libertación Nacional

**Alfredo M. Bonanno** é un infatigabel escritor siciliano que actualmente cumple condena na cadea por un roubo a unha xoieria co obxecto de obter cartos para sobreviver. Xa fora detido en 1972 acusado de instigación á insurrección armada, en 1980 acusado de pertencer ao grupo anarco-comunista "Azione Revoluzionaria", e procesado en 1977 por apoloxia do delito. Fundou a livraria alternativa "Underground", a editorial "La Fiaccola" e participou na criación das revistas "Sinistra Libertaria", "Anarchismo", "Pantagruel" e "Provocazione". En castelán hai publicado un libro seu, co título de "Autogestión"; en italiano ten publicado entre outros títulos "La rivoluzione illogica", "Teoria e pratica dell'insurrezione", "Max Stirner", "Guerra di classe", "Informazione revolucionaria anárquica"; en inglés publicou "Anarchism and the National Liberation Struggle", "Worker's Autonomy" e "Critique of Syndicalist Methods".

**Luita de Libertación Nacional** é un artigo extraído do seu livro "Sicilia: Sottosviluppo e lotta di liberazione nazionale", do ano 1969, reproducido no Boletín de "Ikaria" nº 21, decembro do 89-xaneiro do 90.

anarquista que fala sobre o que se considera unha zona de libertad no mundo, é dizer, a súa extensión, e non a súa profundidade ou intensidade.

En consecuencia, a ideia de que o anarquismo é internacionalista é falsa, porque non se limita a unha rexión ou a unha zona determinada do globo, senón que se extende a carón do proletariado que luta pola sua libertación. Trata-se dunha declaración de principios, non abstracta, non vaga, senón concreta e ben definida.

O anarquismo é internacionalista, a sua luta non se limita a unha determinada rexión ou a unha zona determinada do globo, senón que se extende a carón do proletariado que luta pola sua libertación. Trata-se dunha declaración de principios, non abstracta, non vaga, senón concreta e ben definida. Non nos interesa un humanismo universal que encontra a sua orixe e xustificación na revolta burguesa de 1789. A declaración dos direitos do home, abandeadira hoxe por todalas democracias no poder, descrebe un home abstracto identificado co ideal burgués.

Con frecuénzia, polemizamos cun certo tipo de anarquismo idealista, que nos fala de revolta universal, de actos de fe, de iluminismo, e que sustancialmente coloca-se preto dunha liña anti-proletaria e tamén por tanto, anti-popular. Sen nengún contido social nem económico claro, este anarquismo desborda-se nun humanitarismo individual e mitolóxico. O planeta Terra ve-se como unha unidade biolóxica e nas discusións sempre rematan nun estéril retorno ao poder determinante do ideal anarquista, entendendo-o superior a calquer outro ideal.

Pola contra, nos pensamos no home como un ser histórico, que nace, e vive nunha situación histórica precisa. Esto coloca-o nunhas relacións coa estrutura económica, social, étnica, lingüística, etc... con consecuencias importantes no campo da ciéncia, da reflexión filosófica e da acción concreta. O problema da nacionalidade nace da dimensión histórica e non pode eliminarse sen remover o propio fundamento do federalismo anarquista.

O federalismo ten unha base económica e administrativa, non política. A estrutura asociativa como sabemos, ven definida a partires das organizacións produtivas e organizacións de consumo (estas duas formas

constituen duas caras da mesma realidade), para-se ante algo que atopa na sua estensión temporal: o límite étnico.

Asi, unha vez consumada a revolta (?) e iniciada a organización da produción e da distribución nunha forma colectiva ou nunha comunista, ou mixta, segundo as necesidades e posibilidades, se a estrutura federativa vira-se limitada á extensión do precedente estado político seria unha incongruencia, como tamén é un absurdo supoñer un límite tan amplio que inclúise todo o planeta. Se chega a producir-se algunha revolta, esta producira-se parcialmente, e esta parcialidade terá que concretar-se necesariamente no espacio; teremos así uns confíns territoriais que non teñen por que coincidir exactamente cos confíns políticos do precedente Estado disolto pola revolta.

Neste caso, a dimensión étnica impon-se fronte a deformante visión política. Os elementos de coesión e da dimensión étnica son os mesmos que contribuen a identificala nacionalidade e que foron tan claramente expresados por Bakunin.

Levan-nos a estas conclusóns o principio mesmo da destrucción do Estado. Os anarquistas, negan por completo o principio da ditadura do proletariado, da xestión do antigo estado burgués por parte dunha minoría revolucionaria no nome do proletariado e na relativa utopia do esgotamento do Estado, admiten implicitamente a dimensión política que xustificaba a existéncia do Estado burgués, xa que non ten razón de existir desde o mesmo momento que se realiza a revolta, descartando a hipótese do "uso" nun senso revolucionario do aparato estatal. O límite provisório sinalado entón ás estructuras federais livremente asociadas será o étnico. E neste senso como as federacions de povos livres son propostas por Kropotkin como solución ao problema social, utilizando o exemplo, ainda que só aproximativo e parcial, das vilas livres medievais.

Este discurso, claro está que nada ten que ver co separatismo. Premisa esencial e determinante do noso discurso é que a burguesia nacional

é tan má como a exterior, non hai diferencia entre explotadores, o feito de nacer nun determinado lugar non importa de cara á división de clases. Patrono é quen explota organizadamente a producción ou a distribución nunha dimensión capitalista, ainda que logo o explotador nos diga que é o noso compatriota, compaño de partido ou calquer outro agradabel epíteto. A base da división de clase continúa na explotación feita polo capital con todo os meios o seu dispor: ben económicos, sociais, culturais ou relixiosos. A base étnica que identificamos como límite da federación revolucionaria non ten nada que ver con esta verdade de base. Nengunha unidade é posibel cos explotadores internos, porque nengunha unidade é posibel entre a clase traballadora e a dos explotadores.

Hoxe, ben pola insisténcia nos ideais iluministas e francmasóns no cerne dunha parte do movemento anarquista, ou ben pola preguiza mental que alonxa aos compañeiros dos problemas actuais e os arrastra a augas menos picadas, as reaccións fronte ao problema da nacionalidade son muito emotivas mais tamén absolutamente inadecuadas de cara á realidade do problema.

A cuestión non nos preocuparía muito se non fose que a existente clasificación do problema non tivese consecuencias negativas en muitas realidades da luta.

O asunto das nacionalidades fica a nivel teórico, namentres a luta de libertación no mundo ten unha relevancia práctica muito grande.

Desde o fin da Segunda Guerra Mundial, intensificaron-se os procesos de descolonización no interior dalgúns estruturas imperialistas, aparecendo deste xeito, o problema da interpretación socialista e internacionalista da luta de libertación nacional. O drama do Povo Palestino, a luta dos Irlandeses, en Euskalherria, en África, en América Latina, plantexa-nos a cuestión nacional cunha violencia descoñecida até agora.

Ollando os dados aproximativos, da produción industrial e agrícola

outorgado ao Sul polo Estado: prover de capitais (especialmente os enviados polos emigrantes, impostos, déveda pública), prover de man de obra barata (emigración cara o norte); prover de produtos agrícolas, trocando-os por produtos industriais, en base a unha relación de troco colonial.

O desenrolo do Norte garante-se por meio da explotación e escravitude do Sul. O dominio político do Norte, impón o camiño a seguiren polas forzas capitalistas en xeral. A integración no sistema capitalista italiano produxe unha desintegración da economía siciliana, en muitos aspectos, ainda con formas precapitalistas. A lei do mercado impón a muitas rexións a integración no sistema capitalista de base; é o fenómeno da colonización. Este proceso sofren-no tanto rexións ou nacións extranxeiras como as rexións internas dos mesmos Estados.

O movemento contínuo do capitalismo, e o seu desenrolo, viu saltar as fronteiras nacionais, debilitas frente a polarización das economías arredor dos centros de monopólio de cámbios. O capitalismo da paso ao imperialismo.

Deste xeito, a luta de libertación nacional supera o momento da simple descolonización interna e ataca o feito real do desenrolo capitalista no senso imperialista, até recuperala dimensión revolucionaria, o obxectivo da destrucción do Estado político.

**Luita Nacional  
e  
Luita de Clases**

**Luita Nacional e Luita de Clases** é unha ponencia elaborada pola **Federación Local de Iruña** para o Congreso de Valencia da CNT renovada (hoxe na CGT), e logo publicada na Revista de Comunicaciones Libertarias "Bicicleta", nº 34, decembro de 1980, páx. 43, Valencia.

Luita Nacional  
e  
Luita de Clases

os movementos de lucha obrera, os movementos de resistencia popular, os movementos de lucha revolucionaria, etc., que se realizan dentro da lucha obrera, dentro da cultura popular, mudando o seu conteúdo, ou se realizan en paralelo ao de lucha obrera, procurando complementar, enriquecer e profundizar o significado da lucha obrera.

**A luta de classes, a explotación e opresión da clase obrera, non se reduze ao ámbito económico, ao ámbito da empresa, senon que abarca todos os aspectos da vida social. Existe unha opresión cultural, política, nacional,... que non son senon as manifestacións desta explotación de clase nos diversos ámbitos.**

**O movemento obreiro, a luta revolucionária, igualmente debe abracer toda a problemática desta explotación e dar unha resposta concreta a todas as situacións de inxustiza en todos os terreos.**

Asi mesmo, a luta nacional é un aspecto da luta de classes ou luta revolucionária e só pode ser resolta auténticamente, cunha solución global revolucionaria.

C.N.T., pola sua raiz individualista e federalista, asume e impulsa todo tipo de particularidades, e autonomía dos órgaos inferiores, e ainda do individuo, con respeito aos orgaos xerais.

Hoxe, dado o grau de desenrollo imperialista e o carácter uniformador do capital, o tema nacional, a defensa da personalidade específica dos povos, adquire maior importancia. Isto, por soproto, sen renunciar á solidariedade internacional. E un plantexamento internacionalista da luta, sen o cal necesariamente caíse no reformismo ou na incapacidade revolucionaria no mellor dos casos.

Neste senso, toda reivindicación nacionalista ten un contido revolucionario en tanto defensa da personalidade dos distintos povos e por tanto da reclamación da liberdade necesaria para o seu desenrollo; en tanto

resistencia ao poder existente, ao poder central; en canto oposición ao uniformismo do capital e a sua escala de valores meramente produtivista, pola defensa de outra serie de valores non utilizabeis polo capital; en canto defensa da tradición popular como algo non imposto, senon vivido de forma comunitária polo povo; en canto conservación de formas precapitalistas de relación (bens comunais, servizos comunitários, intercambio directo de bens e servicios,...) que supoñen, en definitiva, un comunitarismo pre-capitalista e de resistencia ao capitalismo totalmente necesarios para seplantexar unha solución comunista avanzada.

Sen embargo, e pesie a ese contido revolucionario, tamén ten unha utilización pola burguesia, que é capaz de facer unha interpretación do feito nacional, que non atendendo ao seu centro, senon a aspectos parciais do mesmo, desvie o centro do problema cara a solucións utilizabeis para unha racionalización do capital. A liña divisoria entre ambos plantexamentos é a mesma concepción da identidade popular.

Esta identidade popular impregna todo tipo de manifestacións, o seu centro consiste, en última instancia, na forma de entendermos a solidariedade e o proxecto social futuro, ou o que é o mesmo, a forma de ser e sentir-se povo unido nun mesmo proxecto social. Isto hoxe concreta-se en cómo desenrola a sua luta de clases de forma peculiar. Todo isto influído por unha serie de factores de tipo xeográfico, cultural, histórico.

Desde esta perspectiva o desenrollo do tema nacional pasaria polas seguintes coordenadas:

\* A luita nacional é un aspecto mais da luita global por un cámbio revolucionario. Hoxe o contido central do feito nacional é o desenrollo da luta de clases, incorporando a el todas as peculiaridades dunha determinada comunidade nacional. Asi, históricamente, o movemento obrero catalán ou andaluz ou austuriano tiveron unhas características propias, ben diferenciadas, a necesaria unidade ten que basear-se no respeto e a profundización de ditas características.

\* Calquer organización pretendidamente revolucionaria, ten que ter un esquema organizativo acorde co plantexament do tema nacional... Neste senso, C.N.T. ten que recuperar o seu funcionamento federalista, que pola forma en que se deu a sua reconstrucción, entendemos que non respetou suficientemente.

\* Hoxe, un aspecto central da luta nacional é impedir calquer forma de desenrolo económico non acorde e por tanto matador das particularidades nacionais e como consecuencia impór un tipo de desenrolo que as respeite e potencie. neste senso, a despovoación do campo, a creación de monstruosos focos industriais, a industrialización absurda ao marxe das riquezas naturais e incluso contrario a elas... ten que ser obxecto de especial atención pola nosa parte.

\* O tema da autonomia (referente ao estatuto de autonomia) si ou non, ou o si ou o non á independencia, son somente as circunstancias do tema que a burguesia plantexa para desviar e recuperar o tema. Ficar somente nun plantexamento a ese nível é asimilabel polo capital e nen unha nem outra van a significar a solución ao tema nacional que pasa, repetimos, por profundizar a luta de clases en cada nacionalidade, en toda a sua amplitud, por facer a revolución e que esta supoña o desenrolo da personalidade nacional, e non tan só da nacional, senón de cada unha das suas comarcas, vilas e individuos, xa que o tema nacional da-se a todos os niveis da sociedade e non se pode reducir ao nivel do que hoxe se entende por nacionalidades. Soamente rompendo o plantexamento que do feito nacional fai a burguesia, rompendo o seu plantexamento social global, de estados, exércitos e fronteiras, o problema nacional, como calquer outro, pode encontrar a sua solución.

\* Todo isto é compatibel co recoñecemento do direito de autodeterminación, que para nós non é a posibilidade de votar un dia, senón a liberdade para que cada comunidade, desde a máis simple,

**poda establecer libremente, e dia a dia, as relações e acordos que deseje com calquer outra.**

...lançou o seu discurso na arena do anfiteatro da Praça da Sé, no Rio de Janeiro, em 1873.

...pôs em causa a sua posição de favorita, e o seu direito à vitória.

...evidentemente, não é isso que se passa no Brasil, mas é o que se passa.

...o que se passa é que os partidos políticos, os sindicatos, os partidos

...e os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,

...os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos, os sindicatos,



Askatasuna

## A Cuestión Nacional

**Askatasuna** foi un grupo libertario basco formado en Bruselas no ano 1971 por militantes libertarios afastados de ETA e militantes anarquistas residentes en Bélgica, que defendía unha postura "anarco-comunista" fortemente nacionalista. Durante a transición estivo integrada na CNT, da que foi expulsada en enero de 1978, por "incompatibilidade". Posteriormente desapareceu.

A *Cuestión Nacional* está composto dunha Editorial da revista Askatasuna, nº 19-20, decembro-xaneiro de 1978 e dun artigo de Mikel Orrantia, membro de Askatasuna, que co título de "A Cuestión Nacional" publicou Askatasuna no seu nº 16-17, marzo-abril de 1977, pág. 31.

Hoxe, qué é a nación na concepción nacionalista imperialista que desenrola o Estado?... A nación na sua forma natural, confundiu-se co Estado moderno fundamentalmente apóis a revolución industrial e a toma do poder pola burguesia capitalista quen utilizou a exacerbación dos sentimentos nacionais más superficiais da comunidade que resultara vitoriosa na constitución dun Estado centralista para fomentar unha ideoloxía de consumo masivo que a defesa do seu patrimonio e priviléxios minoritarios, como a agresión a outros Estados ou comunidades menos potentes. O Estado anega aos diversos povos ou comunidades humanas naturais ou étnicas, nunha opresión centralizadora que despersonaliza e uniformiza os modos de vida e a cultura propia desas comunidades. Sen embargo, a tardia reacción das comunidades naturais (nacións sen Estado) dos Estados europeus multinacionais, ocasionaron un desenrollo de modos de vida e cultura novas que son o conxunto común dos diversos povos que forman parte hoxe de cada Estado capitalista e burocrático. Esta é unha faceta que os revolucionarios non debemos esquecer e pola contra debemos acentua-las, por medio de relacións solidárias de igualdade e apoio mútuo entre as distintas comunidades, relacións que só poderán desenrolaren-se libremente na luta universal polo socialismo auto-xestionado, conta o capitalismo, a tecnoburocracia e o seu representante fiel: o Estado moderno que acostuma a se chamar nación.

Qué é a nación natural? Hoxendía a nación natural é descendente da comunidade étnica inexistente na sociedade industrial e tecnolóxica moderna. desde as 3 ou 4 etnias que coa sua propia evolución conforman hoxe un modo de vida cultura específica, como é o basco, até o que entendemos por comunidade natural ou nación basca dos nosos días, hai unha longa evolución, que forma a historia do que onte dou en chamar só Euzkadi.

Euzkadi é pois, unha nación natural sen Estado. A nación natural é aquela formada por unha comunidade humana, que habita nun mesmo território, cunha mesma evolución histórica más ou menos común e unhas coordenadas culturais, linguísticas, sociolóxicas, económicas ou socio-xeográficas semellantes.

Qué é o "Zazpiak bat"? Forma político xurídica artificiosa dunha comunidade natural, que tivo unha orixe e evolución e ten unha situación actual na que predomina a violéncia. Nós aceptamo-lo Zazpiak bat para definilos marcos actuais da comunidade nacional basca, tamén queremos deixar constáncia das caréncias desta definición de lindes, que nunca aceutariamos como fronteiras impositivas dun eventual Estado basco nacionalista alleo ás vontades dos povos, comarcas, rexións que comporían unha Euskadi dinámica e federalista libertaria, respeutosa das suas diferencias internas que contribuirían a acentuá-la sua polifacética cultura popular.

Qué ten que ser a nación? A libre asociación de homes ceives e comunas ceives dunha determinada sociedade. Para nós tomaria a forma de confedereación de comunas livres de Euzkadi, solidária na base de igualdade e respeito mútuo con todas as comunidades humanas do mundo.

Euzkadi sul ou Peninsular: é parte do Estado pluri-nacional español e unha parte de comunidade nacional basca. Ten relacións propias e particulares co resto dos povos do Estado cos que non nos importa estarmos unidos para conquerir a emancipación total!

Euzkadi Norte ou Continental: é parte integrante do Estado Francés e unha parte da nación basca concebida como nación natural. Debe ter a sua propia independencia a hora de enfocá-las respostais particulares á situación propia das luitas no Estado pluri-nacional francés...

Supedita-se a nosa luta á creación e desenrollo dun Estado nacional coa comunidade basca? NON, decididamente non. A nos luta consiste na libertación da clase traballadora de todas as suas opresións e alienacións

económicas, sociais, sexuais, culturais, nacionais, etcétera...

Dun xeito xeral, vemos como todo nacionalismo dominante (imperialismo) enxendra a sua vez, "nacionalismos de rechazo" que poden chegaren a se converter en lutas de libertación nacional... Hai anarquistas que sufren a influencia ou ben do nacionalismo de Estado (dominante) ou ben do de rechazo. Nos luitamos con todo o que podemos para denunciá-lo verdadeiro carácter de ambos e facerlle compreender aos nosos compañeiros españoles ou bascos a auténtica via libertaria de interpretación das lutas (xustas lutas) de libertación nacional que desenrolamos nos povos oprimidos como é Euzkadi.

Outra cousa, ASKATASUNA está más próxima, por lóxica vivencial, dos anarco-abertzales (anarco-patriotas) bascos, como eles mesmo se chaman, que dos anarco-nacionalistas españoles.






# ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
<b>Introdución.....</b>	3
<b>A Nacionalidade. <i>Mijail A. Bakunin</i>.....</b>	9
<b>Centralismo Asoballador. <i>Ricardo Mella</i>.....</b>	13
<b>Nacionalismo e Burguesía. <i>Angel J. Cappelletti</i>.....</b>	17
<b>Luita de Libertación Nacional. <i>Alfredo M. Bonanno</i>....</b>	23
<b>Luita Nacional e Luita de Clases.....</b>	29
<b>A Cuestión Nacional. <i>Askatasuna</i>.....</b>	35





**TREBOADA**